



**EXTRACTO SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 6 de febreiro de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 6 de febreiro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 30/01/2017, que se aprobou por unanimidade.

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/505

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa instalación en edificios municipais sistemas de control de acceso e aforo, así como o establecemento de normas que fan obrigatorio a determinados establecementos comerciais e de hostalería a colocación destes sistemas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/513

Dáse conta de proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais para a aceptación das cesións de uso de terreos efectuadas polos veciños para acometer o paso de tuberías para futuras obras de ampliación da rede de saneamento en A Granxa (Guillán).

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a cesións de uso dos terreos necesarios para o paso de tuberías, e que polo Enxeñeiro Técnico D. Oscar Álvarez González se realice o proxecto técnico para a ampliación de rede de saneamento.

PRP2017/515

Vista a proposta do Encargado de obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Castroman I, S.L.** para o subministro de dúas cravadoras para o Servizo Municipal de Obras, por un importe total de 469,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/516

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción La Junquera, S.L.** para a reparación do vehículo



matrícula PO1813AU, adscrito ao Departamento de Camiños Veciñais, por un importe total de 667,74 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/517

Dáse conta do Convenio de colaboración asinado entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a implantación da Historia social Única Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno Local acorda adherirse ao citado convenio, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

Dar conta ao Departamento de Servizos Sociais e Departamento de Informática.

PRP2017/520

Dáse conta de escrito da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, Unidade de Estradas en Pontevedra, de denegación da solicitude feita polo Concello para a instalación de redutores de velocidade en paso de peóns, situado na Estrada N-640a, PP.KK. 238,550 (avda. Juan Carlos I)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e visto o informe da Policía Local acorda solicitar á Unidade de Estradas en Pontevedra a redución de velocidade a 30 km/h. no tramo de vía indicado no citado informe (comezar 200 metros antes do paso de peóns e ata o remate da estrada) sito na Avda. Juan Carlos I.

PRP2017/522

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa sinalización necesaria na Avda. da Mariña, a continuación da parada de autobuses, dado que coa sinalización actual se dificulta ou impide a saída dos autobuses e propoñendo a eliminación definitiva do estacionamento en liña anexo á prolongación da beirarrúa xunto á Praza da Peixería, con pintado dun dos carrís bus e unha illa de separación coa glorieta.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda a realizar a sinalización de conformidade co informe da Policía Local.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2017/535

Vista a proposta da Policía Local e o informe do Negociado de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda que se realicen os trámites para a contratación do seguinte persoal para o Servizo da Policía Local, por tratarse dun servizo esencial, ao obxecto de cubrir as necesidades de persoal estacionais por mor entre outras circunstancias do aumento notable da poboación no Concello durante os meses do verán, así como a celebración de diferentes eventos festivos, e dadas as circunstancias do cadro de persoal actual, con catro baixas, e de conformidade coas bases reguladoras establecidas e tal e como se ven realizando nos últimos anos:

- Cinco auxiliares: a partir do 1 de abril, por prazo de catro meses.
- Cinco auxiliares: a partir do 1 de maio, por prazo de catro meses.

Dar conta á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior aos efectos oportunos.



ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/508

Dáse conta de escrito da **Deputación de Pontevedra**, comunicando a posta en marcha dun Plan de práctica laboral nos Concellos da Provincia de Pontevedra para o ano 2017, dirixido a titulados universitarios e de formación profesional sen experiencia laboral previa no ámbito da súa formación.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica a Xunta de Goberno Local acorda solicitar a subvención para prácticas laborais de 4 bolseiros, coa finalidade de promover e completar a súa formación académica en áreas de coñecemento ou actividades que poidan facilitar a súa futura incorporación ao mercado de traballo, para as seguintes áreas e nas titulacións que se indican:

AREA	TITULACIÓN
SERVIZOS SOCIAIS	1 Diplomado Traballador Social
EDUCACION	1 Grao Maxisterio
DEPORTES	1 Licenciado en INEF
EMPREGO	1 Ciclo Sup. Informática”

Así mesmo acórdase designar o persoal técnico do Concello, que actuará como persoas titoras dos bolseiros e que se encargarán da formación práctica e da supervisión e apoio técnico de estes, así como da distribución e avaliación das tarefas que se lles encomenden.

PRP2017/560

Dáse conta do acordo da Xefatura Territorial de Pontevedra, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, referente ao Obradoiro de Emprego denominado VISTA ALEGRE III (Exp. 36/00007/2014), de deixar sen efecto a resolución complementaria de incremento da subvención ata os 186.551,82 €, deixando sen efecto a resolución administrativa de 24 de xullo de 2015 de incremento de concesión da axuda en 249,06 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/561

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal, en relación coa convocatoria do programa “LER CONTA MOITO”, realizada pola Xunta de Galicia para o ano 2017, cun prazo de presentación de solicitude ata o 15 de febreiro de 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Participar no Programa “LER CONTA MOITO”, cunha aportación, por parte do Concello, non superior a 300,00 €, en función da programación solicitada, con cargo á partida 3321.22609.
- Autorizar á Dirección da Biblioteca Municipal para levar a cabo as xestións e programación das actividades correspondentes.

PRP2017/562

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música para aprobar a revisión técnica (afinación, regulación e entoación) de 13 pianos (3 de cola e 10 pianos verticais) do Conservatorio Profesional de Música, e visto o orzamento presentado por D **Tygran Poghosyan Gharibyan** por importe de 1.179,75 € (IVE incluído).



Tendo en conta que é necesaria a realización deste procedemento dúas veces ao ano para o correcto mantemento do instrumental pianístico do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda adxucir a D **Tygran Poghosyan Gharibyan** a revisión técnica técnica (afinación, regulación e entoación) de 13 pianos (3 de cola e 10 pianos verticais) do Conservatorio Profesional de Música para todo o ano 2017, por un importe total de 2.359,50 € con cargo á partida 3261.22706.

PRP2017/563

Vista a proposta do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a posta en funcionamento e utilización do Libro de Rexistro do uso do Piano de Cola Yamaha C7 do Conservatorio Profesional de Música, situado na Sala Principal do Auditorio Municipal, así como o sistema de mantemento e afinación do mesmo nos termos que figuran na proposta.

PRP2017/564

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o uso do vestíbulo de exposicións da Casa de Cultura para a exposición "Rosalía de Castro", que permanecerá aberta dende o 23 de febreiro ata o 21 de marzo, en horario de 9 a 21 horas, de luns a venres, e os sábados de 9 a 14 horas.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2017/581

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Ian Barry** para a realización dun curso de 30 horas de nivel medio de conversa en inglés, dirixido a mozos e mozas de 18 a 35 anos, por un importe total de 1.260,00 €, con cargo á partida 2314.22624.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/582

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Formagal Formación y Servicios, S.L.** para a realización dun curso de 30 horas de nivel básico progresivo de alemán (3ª edición), dirixido a mozos e mozas de 16 a 35 anos, por un importe total de 690,00 €, con cargo á partida 2314.22624.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/569

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases para a celebración do Entroido 2017, os días 26 e 28 de febreiro, coa celebración de distintos actos (Festival de Comparsas o día 26 de febreiro no Salón de Actos do Auditorio e Desfile de disfraces e carrozas o martes 28 de febreiro), e co establecemento dos premios e gastos que figuran na proposta.



ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/579

Dáse conta do escrito presentado por **D. Ramón Oubiña Arias**, concesionario da explotación do quiosco-bar situado no Parque da Praia de Compostela, denominado “Pavillón de Servizos”, solicitando a revogación da citada concesión.

Visto o informe do Departamento de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda a resolución do contrato por mutuo acordo, así como a devolución da fianza definitiva constituída, por importe de 186 €, podendo proceder á retirada do mobiliario instalado e enseres aportados polo Sr Oubiña Arias.

Dar conta ao Departamento de Contratación aos efectos oportunos.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2017/593

Dáse conta do cumprimento da obriga de remisión do informe trimestral de seguimento do Plan de Axuste elaborado ao abeiro do RDL 4/2012, correspondente ao 4º trimestre de 2016.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/594

Dáse conta do cumprimento da obriga de remisión do informe de seguimento de execución do Orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa en termos consolidados (Entidade+Organismo Autónomo), correspondente ao 4º trimestre de 2016.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:30 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.